



**A Confederación Empresarial de Ourense vén de celebrar o seus 45 anos, lembrando ás figuras que impulsaron esta entidade, con premios ás empresas ourensás e chamando ás institucións á “colaboración público-privada para situar á provincia no lugar que se merece”**

## 45º ANIVERSARIO DA CEO MIRANDO AO FUTURO EMPRESARIAL



Algunhas das autoridades na gala da CEO.

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Un grupo de empresarios decidían a finais dos anos 70 unirse e poñer en marcha o que hoxe é a Confederación Empresarial de Ourense (CEO). Asinaban os seus estatutos o 2 de setembro de 1977. Co paso das décadas e co labor de moitas persoas, esta organización ía configurando unha estrutura aberta ao conxunto do colectivo empresarial da provincia e ao progreso, incorporando dende as empresas máis pequenas ata as de maior tamaño, co obxectivo

de traballar polo desenvolvemento socioeconómico ourensán.

Así o resaltaba a súa presidenta, Marisol Nóvoa Rodríguez, na apertura da gala coa que a CEO celebraba o seu 45 aniversario o 15 de decembro na Carballeira de Santa Cruz. Aludía á relevancia da figura dos empresarios e ao seu valor dentro da sociedade, posto que “son o motor económico, xerando riqueza e postos de traballo”. Ademais mencionaba a “importancia do asociacionismo empresarial, que adquiriu moito máis valor na época da pandemia xa que serviu para afrontar os problemas e buscar solucións xuntas”. E facía un chamamento ás institucións de cara a “continuar coa colaboración

público-privada para situar a Ourense no lugar que se merece”.

Nóvoa, que está á fronte da CEO dende xuño de 2019, é a primeira muller presidenta dunha entidade empresarial en Galicia. E no marco deste aniversario rendía homenaxe ás persoas que a precederon neste cargo. O primeiro foi Emilio Pérez Nieto (1977-1983). Despois viñeron outros seis presidentes: Guillermo Collarte (marzo de 1983-decembro de 1985), Miguel Ángel Pérez (febreiro de 1986- decembro de 1990), Manuel Jaime Martínez (xaneiro de 1991-febreiro de 1993), Manuel J. Cabezas (febreiro de 1993-abril de 1993), Francisco Rodríguez (decembro 1993-abril 2013) e José

Manuel Pérez (abril 2013-novembro 2018).

Así mesmo no decurso desta gala a CEO entregaba galardóns a 11 empresas ourensás que teñen destacado en diferentes ámbitos de xestión como a integración laboral, innovación, dixitalización, responsabilidade social, sostibilidade ou comercio, entre outras categorías, e que incluía tamén o premio José Manuel Pérez Canal, que cada ano se entrega a unha empresa con vocación exportadora. Desta volta, este último recoñecemento correspondíalle a Cupa Group, situada en Valdeorras, que está

Continúa na páxina 4

## Marisol Nóvoa Rodríguez “Hai que superar esta etapa difícil e seguir progresando”



ÁNGELES RODRÍGUEZ

O papel da CEO ao longo de case medio século, a situación do tecido empresarial da provincia e as súas expectativas neste 2023 son abordadas pola presidenta desta organización, Marisol Nóvoa, nesta entrevista.

**¿Como valora estes 45 anos de traxectoria da CEO?**

Moi positivamente porque a asociación de asociacións que naceu no 1977 froito do empeño dun pequeno grupo de empresarios é hoxe unha organización consolidada e representativa do tecido empresarial da provincia e foi adquirindo unha posición privilexiada para ser a súa voz no que atinxe ás reivindicacións das condicións necesarias para levar a cabo a súa actividade, sexa o sector que sexa. Medio século é un espazo de tempo moi amplo como para avaliar unha evolución empresarial polo miúdo, sobre todo nunha época entre 2 séculos na que os cambios se deron de xeito tan vertixinoso e con tanta intensidade. As empresas ourensás foron adaptándose a estes cambios e continúan facéndoo porque un tecido empresarial debe ser vivo e estar en continua adaptación, non pode quedar inerte ou desaparecer.

**¿Que papel teñen desempeñado as asociacións comarcais, como pode ser**

**AEVA, nesta traxectoria?**

Foron, son e seguirán sendo esenciais para o desenvolvemento das comarcas e o apoio do sector empresarial nas súas contornas. A empresa que está fóra da capital ou en núcleos rurais ten un vínculo máis próximo co seu entorno, e neste entramado as asociacións multisectoriais das comarcas son o nexo de unión coa organización a nivel provincial, pois manteñen a familiaridade e proximidade de ter unha asociación preto pero tamén acceden a unha estrutura máis ampla e de servizos que lle presta a CEO como entidade que as alberga. Ademais son vitais para fomentar o emprendemento nesas zonas, servir de canle de comunicación ou de posta en marcha tanto de proxectos propios como dos que a CEO desenvolve para o tecido empresarial desa zona concreta. No caso de AEVA, pertence á CEO desde o seu nacemento e atesouramos unha longa traxectoria de colaboración e cooperación mutua que as 2 entidades procuramos para que repercuta no beneficio do tecido empresarial.

**¿Como diría que é o momento actual que vive o sector empresarial na provincia? ¿como valora a súa capacidade exportadora?**

A situación actual é complicada, non cabe dúbida de que atravesamos momentos de moita dificultade e incerteza, e xusto cando empezamos a deixar a pandemia e percibir o final da crise sanitaria e económica, aparece en escena

**A presidenta da CEO, Marisol Nóvoa, no acto do 45 aniversario.**

un cúmulo de factores prexudiciais para a economía como a guerra en Ucraína, a inflación e a falta de subministracións nas empresas, entre outros. Todo se puxo en contra para saír reforzados dos danos provocados pola pandemia, sen embargo, as empresas están a facer un esforzo enorme, novamente, para superar tamén estes escollos, pero non todo está nas súas mans, fai falla acertar boas medidas, axudar e xestionar debidamente a través dos fondos que por mor do Covid se destinan ao tecido produtivo, e facilitar as condicións o máximo posible para que as empresas poidan seguir adiante cando superemos esta outra crise. Moitas delas teñen unha contrastada capacidade e vocación exportadora, froito de anos profesionalizando esta área de xestión, traballando e aventurándose a abrir novos mercados no exterior. Ourense exporta moito e moi bos produtos que son moi ben valorados no exterior, e desde a CEO levamos anos impulsando e axudando á internacionalización das nosas empresas, incidindo máis na dixitalización deste proceso a raíz da pandemia. Tamén recoñecemos estes méritos co premio José Manuel Pérez Canal á Exportación que ademais este ano recaeu nunha empresa de Valdeorras como Cupa e, na súa segunda edición, recoñeceu tamén

a outra firma da zona como é Godeval. Todo isto aléntanos para seguir fomentando e facilitando estas vocacións exportadoras das empresas que, en moitos casos, só precisan un asesoramento ou un empuxón para comezar a saír cos seus produtos ao exterior.

**En apenas 3 anos houbo cambios vertixinosos, ¿os empresarios ourensás, tanto grandes empresas como Pemes e autónomos, souberon adaptarse adecuadamente?**

É certo que a pandemia e as súas consecuencias aceleraron enormemente modelos e cuestións que estabamos asimilando pouco a pouco, pero que de súpeto convertéronse en esenciais e ineludibles, e case todos relacionados coa dixitalización de moitas facetas das nosas vidas e labores. Hai empresas que xa viñan facendo traballos e adiantos nesta transformación dixital, pero para todas en xeral foi un desafío e dos grandes, porque había que adaptarse coas circunstancias engadidas de confinamentos, crise, peches e ERTes, etc. Por iso desde a CEO estivemos desde o minuto un ao carón delas tratando, formando e asesorando sobre estes temas e facilitando a súa adaptación ata agora, que estamos nun momento no que a maioría das empresas xa teñen interiorizado este cambio e seguen traballando nel porque é imprescindible para o tecido empresarial engadir estes avances e transformacións na súa xestión, non só a dixitalización, senón tamén aspectos de economía circular ou sustentabilidade, por exemplo, que se fixeron máis protagonistas e ineludibles cando irrompeu a pandemia.

**¿Por onde pasa o futuro do tecido empresarial ourensán? ¿como se pode seguir dinamizando a provincia?**

O presente que agora vivimos, con firmas sumamente salientables a tódolos niveis e en moitos sectores, foi escrito por persoas emprendedoras que creron en Ourense e puxeron a semente dunha clase que afianzou e continuou medrando. Ese futuro está por definir, pero podemos poñer cada un de nós da nosa parte para facer que sexa o mellor posible para esta provincia, crer nela, crer en nós e crer nas nosas posibilidades. Non contamos co litoral e o mar que repercute positivamente en numerosos sectores e crea moito emprego e riqueza, pero temos moitísimas outras cousas das que sentimos orgullosos e seguir potenciando para medrar como provincia e como sociedade.

**¿Que expectativas teñen para este novo ano 2023?**

Gustaríanos que fosen paralelas aos desexos, porque unha cousa é o que como organización ou membro do tecido empresarial e da sociedade queremos para todos, e outra distinta é assimilar a realidade e ter expectativas acordadas co momento que vivimos. O noso desexo é que esta situación de incerteza nos mercados e na economía, de inflación, de dificultades para empresas e cidadanía remate o antes posible, que se tomen medidas efectivas e que a situación dea un xiro de 180 graos do mesmo xeito que o deu cando comezou todo, e as nosas expectativas son que a situación anterior á pandemia tardará en chegar máis do que quixéramos. Non vai ser o mesmo porque xa mudaron moitas cousas, pero no ámbito económico é necesario volver a unha situación sen inflación disparada e sen crise enerxética ou de materias primas.

**¿Cales son os principais proxectos que teñen previstos para o 2023?**

A mellor expectativa que temos é a continuación, poder seguir prestando o apoio e servizos ás empresas a través dos nosos departamentos e tamén de proxectos específicos como “Conecta

Ourense” por exemplo, que vertebrará a provincia con oficinas técnicas (precisamente unha delas no Barco) para detectar nas empresas o potencial innovador e axudalas coa tramitación das axudas máis axeitadas para que poidan desenvolver ese potencial. Tamén queremos seguir apostando pola internacionalización para que as empresas ourensás atopen mercados estranxeiros nos que vender os fabulosos produtos que elaboran, e facelo potenciando agora os canais de venda online unha vez que a pandemia, como dicíamos antes, fixo tamén máis habitual esta modalidade para saír ao exterior e que trasladamos ás empresas a través de formación, programas específicos ou ferramentas útiles para levar a cabo estas accións. Continuar proxectos xa empezados ou definir outros novos, pero en definitiva seguir ao carón das empresas para poder axudalas desde distintos ámbitos a superar estes tempos complicados.

O presente que agora vivimos, con firmas sumamente salientables a tódolos niveis e en moitos sectores, foi escrito por persoas emprendedoras que creron en Ourense e puxeron a semente dunha clase que afianzou e continuou medrando. Ese futuro está por definir, pero podemos poñer cada un de nós da nosa parte para facer que sexa o mellor posible para esta provincia, crer nela, crer en nós e crer nas nosas posibilidades. Non contamos co litoral e o mar que repercute positivamente en numerosos sectores e crea moito emprego e riqueza, pero temos moitísimas outras cousas das que sentimos orgullosos e seguir potenciando para medrar como provincia e como sociedade.

**Os empresarios son clave para a pervivencia e desenvolvemento dun territorio... ¿que lle piden ás administracións para garantir o futuro do empresarial desta provincia?**

Primeiro temos que superar esta etapa difícil e, a partir de aí, seguir progresando no terreo empresarial, e para que isto sexa posible as medidas que precisamos van desde, en termos económicos e laborais, conter prezos e salarios, ata cuestións como a terminación de infraestruturas pendentes para facer máis competitivas ás empresas da provincia e fomentar o asentamento de máis sectores ou empresas nela. Tamén a axilidade e facilidade para crear empresas, menos presión fiscal, menos burocracia e que tódalas administracións, sexan da cor que sexan e do ámbito territorial que sexan, estean do lado dos empresarios porque a colaboración público-privada é fundamental para alcanzar obxectivos e o tecido empresarial é o que fai medrar un país e crea emprego e benestar.